

## AUTOR

Agustín Fernández Paz

## ILUSTRADORA

Beatriz Castro

## TEMAS

Natureza. Ecoloxía. Incendios. Amizade. Familia. Imaxinación e fantasía. Humor. Saúde e enfermidade

## COMPETENCIAS

Cidadá. Conciencia e expresións culturais. Plurilingüe

## RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Lingua Galega e Literatura. Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 104



# As fadas verdes

*Gárdasme o segredo?*

## POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é un relato que abordar, en clave simbólica, a necesidade de preservar o medio natural. Porque contribúe ao coñecemento do imaxinario cultural dos seres fantásticos que poboan os bosques. Porque está cheo de personaxes entrañables e próximos para os lectores.

## RESUMO DO ARGUMENTO

Un terrible incendio asola o monte do Castro. En canto pode, Diana vai comprobar os efectos do lume na súa fraga favorita. O seu abraio é enorme cando descobre unha fada verde, a única que sobrevivió de entre todas as encargadas de protexer o lugar. En segredo, Diana axuda a Goewín a se recuperar ata que esta atopa, ao cabo de poucos meses, unha nova familia. .

## PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, xa que é unha narración áxil e doada de seguir e mostra a importancia da fantasía para a imaxinación infantil. Para aqueles máis sensibilizados coa natureza, xa que fai unha clara denuncia da destrución do medio natural ao tempo que reivindica a necesidade de protexer o noso patrimonio natural e cultural.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### INDIVIDUAL

Pide aos teus alumnos que observen a contracuberta do libro e lean a frase que di Diana: «O valor das cousas realmente importantes non se pode medir: é incalculable». A continuación, deben explicar en oito ou dez liñas cal cren que é a relación desta frase coa historia que leron.

### GRUPO

Inicia unha conversa sobre o **mundo fantástico**. Guía aos teus alumnos con preguntas como as que se plantexan no libro:

- Existe o mundo fantástico?
- Que fariades se vos encontrádeses cunha fada?
- Que narracións coñeces nas que aparecen este tipo de seres?

### LINGUA GALEGA E LITERATURA

Organiza aos teus alumnos en pequenos grupos. Durante uns minutos, procurarán anotar todos os **personaxes mitolóxicos e do folclore popular** que se lles ocorran (*trasgos, fadas, nubiros, meigas, lavadeiras...*). Deseguido, propón que cada grupo elixa un destes seres e prepare unha breve exposición na que describan a súa imaxe, as súas características principais e algunha lenda ao resto da clase. Se queres, invítalles a preguntar na casa por algún conto ou lenda protagonizada por estes seres (se está asociada á zona na que viven, moito mellor).

### CIENCIAS DA NATUREZA

As fadas verdes son as gardianas das fragas. Na actualidade, o cambio climático está a provocar un maior número de lumes coma o que se narra na novela. Conversade sobre a importancia de **fear o calentamento global** e protexer os nosos montes. Despois, convertídevos nas fadas verdes do século XXI e elaborade entre todos unha lista de medidas que eles mesmos poden levar a cabo, na escola e na casa, tanto a nivel individual como en grupo. Poden facer a listaxe nunha cartolina, decorala con debuxos ou fotos, e colgala na aula.



## TALLER DE ESCRITURA

Anima aos teus alumnos a inventaren **unha historia en primeira persoa** co seguinte argumento: unha mañá espertan e danse conta de que se converteran nunha fada diminuta. Poden tratar de responder algunhas destas preguntas: *Como reacciona a súa familia? Como se sinten eles ao respecto? Como transcorre o seu día? Conseguen recuperar a súa forma orixinal? Ou seica preferirían ser fadas para sempre?*